

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2024/10	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria: Extraordinaria

Data: 17 de xullo de 2024

Duración: Dende as 20:30 até as 21:25 horas.

Lugar: SALÓN DE PLENOS

Presidida por: MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ

Secretaria: CLARA ORTEGA FERNANDEZ

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SÍ
78792417Y	ANA BELÉN DEL RÍO GONZÁLEZ	SÍ
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SÍ
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SÍ
44843850Z	CARLOS LEIS PEDROSA	SÍ
79327212M	DOMINGO ANTONIO TRONCOSO MARTELO	SÍ
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GÁNDARA	SÍ
78787194G	FRANCISCO CALO ABELLEIRA	SÍ
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SÍ
79327861X	JOSÉ MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SÍ
78793193T	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ	SÍ
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SÍ
33277711T	MARÍA SOLEDAD AGRA TUÑAS	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos



na orde do día.

Expediente 466/2024. Aprobación do Acordo de Cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e Concello de Outes para a realización de obras en materia de urbanismo (Plan hURBE 2019-2025).	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO. Dada a vontade deste Concello de subscribir o Acordo de Cooperación cuxa finalidade é a execución da actuación “Conexión do paseo fluvial co centro urbano da Serra de Outes” por parte da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas a través da Dirección Xeral de Urbanismo, como unha das obras recollidas dentro do Plan hURBE 2019-2025.

SEGUNDO. Á vista dos seguintes antecedentes:

Documento	Data/Núm.
Providencia de Alcaldía	24/05/2024
Memoria Xustificativa	03/06/2024
Informe de Secretaría	2024-0316
Informe-Proposta de Resolución	2024-0368
Informe de Fiscalización desfavorable	2024-0018
Informe de Discrepancia	DIS/2024/2
Ditame da Comisión Especial de Contas	20/06/2024
Acordo do Pleno resolvendo a discrepancia	27/06/2024

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable ao asunto é a seguinte:

- Os artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas.
- O artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Os artigos 21, 22 e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- O artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á



información pública e bo goberno.

Vista a proposta de resolución PR/2024/85 de 8 de xullo de 2024, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, procedendo a súa ratificación polo Pleno por maioría absoluta, de conformidade co disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas,

ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar o texto definitivo do Acordo de Cooperación suscrito entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e Concello de Outes para a realización de obras en materia de urbanismo”.

SEGUNDO. Aprobar e dispor o gasto correspondente, consonte ó réxime de financiamento previsto na Cláusula Cuarta do Acordo de Cooperación.

TERCEIRO. Manifestar a aceptación á execución das Obras recollidas dentro do PLAN PLAN HURBE 2019-2025 consistentes en “Conexión do paseo fluvial co centro urbano na Serra de Outes”.

CUARTO. Manifestar o compromiso deste Concello de:

1. Poñer a disposición, libres de cargas e gravames, todos os terreos necesarios para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos, licencias e autorizacións legalmente exixidos para levalas a cabo, correndo cos custos que se xeren.
2. Asumir as obrigas económicas que deriven deste acordo de cooperación, a cuxo efecto certificará a inclusión de aqueles nos seus respectivos orzamentos.
3. Renunciar expresamente a reter da achega desa Corporación calquera tipo de tributo con motivo das obras de referencia.
4. Levar a cabo as actuacións consistentes na redacción dos documentos técnicos que definan as obras a executar. Prestarlle a aprobación aos indicados documentos nun prazo máximo de 15 días, contados dende a data de requirimento, así como á remisión de todos aqueles informes que resulten precisos para a licitación e contratación das obras.
5. Asumir, unha vez recibidas as obras e previa comunicación desta Dirección Xeral, a súa explotación, mantemento e conservación.
6. O Concello asumirá todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido polo dito Concello.
7. O Concello, como trámite previo á licitación das obras deberá acreditar a través da oportuna certificación xustificativa a efectiva dispoñibilidade dos terreos.



Na quenda de intervencións, o Sr. Alcalde explica que este punto xa foi tratado no pleno anterior e sinala que se trata dun acordo co que a Xunta de Galicia se compromete a financiar co 70% dos fondos as obras de conexión do paseo fluvial coa malla urbana da Serra de Outes. Este proxecto busca mellorar tanto o atractivo da vila como a accesibilidade para os peóns.

Concédese o uso da palabra ó Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. Francisco Calo Abelleira, quen sinala que, aínda que todas as actuacións son necesarias, considera que hai outras máis prioritarias, como a mellora de rúas e espazos urbanos na Serra, na Ponte Nafonso, no Cruceiro de Roua e no Freixo. Por este motivo, o seu grupo opta por absterse na votación.

De seguido intervén o Sr. Voceiro do Grupo Municipal Socialista, D. José Antonio Caamaño Lestón, que aclara que o PSOE defende todas as obras que se acometan no concello. Aínda que recoñece que existen outras intervencións que poden ser consideradas máis prioritarias, subliña que esta obra tamén é necesaria e, polo tanto, será benvida.

Sometido a votación, o acordo aprobouse cos votos a favor do Grupo de Goberno e a abstención do Grupo Popular.

Expediente 392/2024. Aprobación inicial da modificación do Regulamento de funcionamento da Piscina Municipal de Outes.	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Por Acordo do Pleno de data 28 de abril do 2016, aprobouse o Regulamento de funcionamento da Piscina Municipal de Outes. Vista a necesidade de proceder á modificación de devandita Ordenanza, a fin de adecuar as normas relativas á inscrición e normas xerais dos cursos e actividades, así como a adaptación e aclaración das normas e recomendación de uso sobre as distintas salas, e mais a actualización das condicións de uso por entidades locais e a formalización de convenios.

Visto o Informe de Secretaría 2024-0430, e vista a proposta de resolución PR/2024/74 de 2 de xullo de 2024.

ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobado inicialmente a modificación do Regulamento de Funcionamento da



Piscina Municipal de Outes nos termos en que figura no expediente, e coas modificacións introducidas pola enmenda presentada polo Concelleiro responsable da Área de Deportes (Nº de Rexistro de Entrada 2024-E-RPLN-1).

SEGUNDO. Someter dita modificación a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de 30 días para que poidan examinar o expediente e presentar reclamacións ou suxestións que estimen oportunas, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno. Simultaneamente, publicar o texto da modificación da Ordenanza municipal no portal web do Concello [<https://www.outes.gal/>] co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

CUARTO. Facultar a o Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

Na quenda de intervencións, o Sr. Alcalde outorga a palabra ao concelleiro de Deportes, quen expón a enmenda á proposta de modificación do regulamento da piscina municipal.

O Sr. Concelleiro de Deportes explica que a proposta de modificación do regulamento pretende adecuar as normas relativas á inscrición tanto de cursos de seco como de cursos de auga, así como a aclaración e adaptación das normas e idades das distintas actividades. Tamén se actualizan as normas de uso das diferentes salas e as condicións de uso por parte das entidades deportivas, incluíndo a formalización de convenios con estas entidades. A enmenda afecta especificamente aos artigos 4, 8 e 9, e estas modificacións foron tratadas na Comisión Informativa a petición do Grupo Popular, que propuxo melloras que foron incorporadas.

De seguido, fai uso da palabra D. Francisco Calo Abelleira, quen critica o feito de que se teña que convocar un pleno extraordinario para tratar este punto, o que implica un gasto adicional para os veciños que podería ser evitado cunha mellor xestión do goberno. Subliña que, se o goberno tivera previsto mellor os temas de interese para a veciñanza, este asunto podería terse incluído no pleno ordinario de xuño. A pesar desta crítica, agradece que o Grupo Popular puidera facer achegas significativas que melloraron o regulamento proposto.

Sometida a proposta a votación, resulta aprobada coa enmenda incorporada, cos votos



a favor do Grupo de Goberno e a abstención do Grupo Popular.

Expediente 401/2024. Aprobación do Acordo regulador do prezo público de espectáculos organizados polo Concello de Outes.	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

ANTECEDENTES

Á vista dos seguintes antecedentes:

Documento	Data/Núm.
Memoria de Alcaldía	26/06/2024
Providencia de Alcaldía	26/06/2024
Informe de Secretaría	2024-0438
Informe Técnico-Económico	05/07/2024
Informe interese cultural e interese público	08/07/2024
Informe de Intervención	2024-0053

Vista a proposta de resolución PR/2024/88 de 12 de xullo de 2024, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Pleno da Corporación, de conformidade co previsto no artigo 47 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar o Acordo regulador do prezo público de espectáculos organizados polo Concello de Outes, nos termos que figuran no expediente.

SEGUNDO. Fixar os seguintes prezos públicos polos espectáculos organizados polo Concello de Outes:

- O prezo estándar para a adquisición dunha entrada para un espectáculo será de 3€ en caso de non ser declarada de acceso libre.
- Dito prezo poderá variar en base ao custo económico que teña que asumir o concello:

Caché da compañía	Prezo da entrada
Entre 800 € e 1.500 €	3€
Entre 1.501€ e 2.350 €	4€
Entre 2.351 € e 3.500 €	5€



Entre 3.501 € e 4.900 €	6€
Máis de 4.900 €	7€

3. Co obxectivo de facilitar o acceso á cultura ás familias ou grupos de idade máis vulnerábeis, establécense as seguintes bonificacións:

3.1 Desconto de 1,5€ ás persoas con carné xove, maiores de 65 anos, menores de 12 anos en obras infantís e persoas en situación de paro. Este desconto só será aplicable unitariamente, non se poderá aplicar a bonos.

3.2 De xeito puntual, e atendendo ao custo extraordinario dalgún dos espectáculos nos que o Concello asuma a totalidade ou a maior parte dos gastos que se derivan dos mesmos, a outros acordos que o Concello de Outes poida establecer con outras entidades ou cos propios grupos ou compañías co obxectivo mellorar a oferta cultural ou de lecer, ou a outras cuestións derivadas do programa no que se integra a programación, poderá acordarse na Xunta de Goberno Local un prezo distinto ao establecido de maneira xeral.

4. Unha vez realizado o pago o importe non será reembolsable agás no caso de cancelación por forza maior. En caso de adiamento do espectáculo, o titular da entrada poderá cederlla a un terceiro.

5. Nos espectáculos contratados polo Concello de Outes no marco das programacións realizadas en colaboración coa Rede Galega de Teatros e Auditorios, e de acordo coas normas establecidas pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), (organismo dependente da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia do que depende a Rede Galega de Teatros e Auditorios), e na Resolución do 28 de febreiro de 2011 da AGADIC, pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na Rede Galega de Teatros e Auditorios (DOG do 8 de abril de 2011), fíxanse uns prezos de entrada mínimos en función de distintos intervalos do caché do grupo contratado, posibilitase o seu incremento ou o establecemento de descontos para determinados colectivos ou de abonos para ciclos de programación. Atendendo a isto, establécense os seguintes prezos xerais para os espectáculos que programe o Concello de Outes no marco da programación da RGTA:

Caché da compañía	Prezo da entrada
Entre 750 € e 2.500 €	5 €
Entre 2.501 € e 5.000 €	7 €
Superior a 5.000 €	9 €

TERCEIRO. Publicar o presente Acordo no taboleiro de anuncios do Concello e no *Boletín Oficial da Provincia* a efectos do seu xeral coñecemento. Así mesmo, estará a



disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://outes.sedelectronica.gal>].

Na quenda de intervencións, o Sr. Alcalde presenta o punto da orde do día e cede a palabra ao Sr. Concelleiro de Cultura, D. Anxo Núñez, quen sinala a importancia de regular os prezos dos espectáculos organizados polo Concello para garantir a súa sustentabilidade financeira e dar valor á cultura. Explica que a nova normativa permitirá establecer prezos entre 3 e 7 euros para as obras de teatro, e ata un máximo de 9 euros para actuacións que formen parte da Rede Galega de Teatros e Auditorios. A ordenanza tamén busca regular a reserva de entradas a través dun sistema telemático, facilitando así o acceso e evitando que se reserven entradas que despois non se utilizan.

De seguido, concédese o uso da palabra a D. Francisco Calo Abelleira, quen expresa preocupación pola posible confusión xerada pola redacción do artigo 4 da ordenanza, xa que non queda claro se se aplicará o prezo aos concertos da banda municipal ou doutros eventos culturais similares. Considera que a medida ten un fin recadatorio, como se reflicte no informe técnico, e critica que ata agora estes espectáculos foran gratuítos, polo que ve a medida como un intento de recadar fondos adicionais para o Concello.

Na quenda de réplica, o Sr. Concelleiro de Cultura responde que a intención principal é regular os prezos dos espectáculos do programa do Outono Teatral e non doutros eventos culturais, como os concertos da banda municipal. Aclara que a Xunta de Goberno Local ten a potestade de fixar os prezos públicos e que, se non se establece un prezo, o acceso será libre. Insiste en que a medida non é puramente recadatoria, senón que busca ordenar a oferta cultural, darlle valor e asegurar a súa sustentabilidade. Engade que a actualización dos prezos é unha cuestión de sentido común, xa que moitos prezos levan máis de 20 anos sen actualizarse.

Sometido a votación, a proposta aprobouse cos votos a favor do Grupo de Goberno e a abstención do Grupo Popular.



Expediente 338/2024. Modificación dos prezos públicos pola prestación de actividades culturais, deportivas e de interese público	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

ANTECEDENTES DE FEITO

Documento	Data/Núm.
Providencia de Alcaldía	03/07/2024
Informe de Secretaría sobre o procedemento a seguir	2024-0437
Informe-Técnico Económico	03/07/2024
Informe interese social e cultural	08/07/2024
Informe de Intervención	2024-0052

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable nesta materia está recollida en:

- Os artigos 41 a 47 e 127 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- O artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Os artigos 24 a 27 da Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos.

Vista a proposta de resolución PR/2024/90 de 12 de xullo de 2024, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Pleno da Corporación, de conformidade co previsto no artigo 47 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar a modificación dos prezos públicos pola prestación de actividades culturais, deportivas e de interese público, nos termos que figuran no expediente.

SEGUNDO. Fixar os seguintes prezos públicos pola prestación de actividades culturais, deportivas e de interese público:

4.1. Tarifas de actividades recurrentes

Actividades culturais		Actividades deportivas	
Actividade	Importe Mensual por Usuario	Actividade	Importe Mensual por Usuario



Manualidades	10,00€	Tenis	10,00€
Pintura	20,00€	Fútbol-Sala	10,00€
Obradoiro audiovisual	15,00€	Tenis de mesa	10,00€
		Deportes de raqueta	10,00€

4.2. Tarifas da escola de música

Actividade	Importe Mensual por Usuario
Música en movemento	20,00€
Linguaxe musical	20,00€
Formación instrumental (cada instrumento consideraráse unha actividade)	20,00€
Harmonía e composición	20,00€

4.3. Tarifas da Escola de música e baile tradicional

Actividade	Importe Mensual por Usuario
Baile tradicional galego	10,00€
Gaita galega	10,00€
Percusión tradicional	10,00€
Instrumentos de vento (cada instrumento considerárase unha actividade independente): Requinta, frauta, frautín, ocarina e asubío.	10,00€
Zanfona	10,00€
Pandeireta e canto galego	10,00€
Acordeón	10,00€

4.4. Outras tarifas

No caso de que o concello decida ofertar algunha actividade cultural ou deportiva que non estea recollida na presente ordenanza e non sexa de acceso gratuíto, a xunta de goberno local poderá asignar a dita actividade un dos seguintes tramos tarifarios:

Tramos tarifarios	Importe mensual por Usuario
Tramo A	8€
Tramo B	12€
Tramo C	20€
Tramo D	30€



TERCEIRO. Publicar o presente Acordo no taboleiro de anuncios do Concello e no *Boletín Oficial da Provincia* a efectos do seu xeral coñecemento. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://outes.sedelectronica.gal>].

Na quenda de intervencións, o Sr. Alcalde cede a palabra novamente ao concelleiro de Cultura, quen expón a proposta de modificación dos prezos públicos para actividades culturais e deportivas, sinalando a necesidade de actualizar uns prezos que levan máis de 20 anos sen cambios.

O Concelleiro de Cultura, D. Anxo Núñez Fernández, expón que os prezos das actividades culturais e deportivas no concello levan sen actualizarse desde 2002, o que fai que actualmente cubran unha porcentaxe moi baixa dos custos destas actividades. Indica que a proposta de modificación é moi razoable, tocando só os prezos máis baixos, como os de actividades de manualidades ou da escola tradicional, que pasan de 6 a 10 euros ao mes.

Tamén explica que os descontos que se aplicaban a partir da segunda actividade agora se aplicarán a partir da terceira, e que se engade un desconto do 60% para familias numerosas. A nova regulación permitirá que os prezos cubran aproximadamente un 27,14% dos custos das actividades, en comparación co 18,70% que cubrían antes. Engade que tamén se incorpora un artigo que permitirá exencións ou bonificacións para persoas en situación de risco ou exclusión social, previa valoración dos Servizos Sociais.

De seguido concédese o uso da palabra a D. Francisco Calo Abelleira, quen critica que a actualización dos prezos públicos confirma a súa predición de que o goberno subiría impostos e prezos públicos para equilibrar as contas. Considera que esta medida só ten como obxectivo recadar máis fondos e lamenta que se estea a incrementar a carga sobre os veciños.

Na súa quenda de réplica, D. Anxo Núñez Fernández sinala que a medida é lóxica e necesaria para garantir a sustentabilidade das actividades culturais e deportivas que ofrece o concello. Sinala que o concello non pode seguir funcionando con prezos que levan máis de 20 anos sen actualizarse, especialmente cando os custos de organización destas actividades aumentaron considerablemente ao longo dos anos. Reitera que a proposta é razoable e que o goberno seguirá apostando por dinamizar a vida cultural e social dos veciños de Outes.

Sometida a votación, a modificación dos prezos públicos aprobouse cos votos a favor do Grupo de Goberno e a abstención do Grupo Popular.



Expediente 449/2024. Modificación do réxime de dedicación dos cargos de Alcaldía e Concellaría de Obras e Servizos.	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

ANTECEDENTES DE FEITO

Documento	Data/Núm.
Providencia da Alcaldía	21/05/2024
Informe de Secretaría	2022-0312
Memoria-Proposta de Alcaldía	21/05/2024

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable é a seguinte:

— O artigo 75, 75 bis e 75 ter da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

— O artigo 13 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

— A Orde de 12 de marzo de 1986 sobre Alta e Cotización ao Réxime Xeral da Seguridade Social dos membros de Corporacións Locais con Dedicación Exclusiva.

Vista a proposta de resolución PR/2024/81 de 8 de xullo de 2024 fiscalizada favorablemente con data de 8 de xullo de 2024.

ACORDO:

PRIMEIRO. Revogar, con efectos do 1 de setembro do 2024, o réxime de dedicación exclusiva, así como todos os dereitos económicos que de esta se derivan, do cargo de Alcalde da Corporación.

SEGUNDO. Revogar, con efectos do 1 de setembro do 2024, o réxime de dedicación parcial, así como todos os dereitos económicos que de esta se derivan, do cargo de Concelleira de Obras e Servizos, dada a asunción das novas responsabilidades derivadas da dirección da Área de Seguridade e Orde Público.

TERCEIRO. Modificar, con efectos do 1 de setembro do 2024, os cargos que realizan as súas funcións en réxime de dedicación especial, como se indica a continuación:

- En réxime de dedicación exclusiva: a Concelleira de Obras e Servizos, o 1º Tenente de Alcalde e o 2º Tenente de Alcalde.
- En réxime de dedicación parcial: o Alcalde da Corporación, cunha dedicación



equivalente ao 20% da xornada ordinaria de traballo.

CUARTO. Modificar, con efectos do 1 de setembro do 2024, as retribucións dos cargos de Alcaldía (dedicación parcial) e Concellería de Obras e Servizos (dedicación exclusiva) como se indica a continuación, retribucións que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e os dous restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e darlles de alta no réxime xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.

- O cargo de Alcalde (dedicación parcial) percibirá unha retribución anual bruta de 8.960,00 euros.
- O cargo de Concellería de Obras e Servizos (dedicación exclusiva), percibirá una retribución anual bruta de 35.000,00 euros.

QUINTO. Aprobar e dispor a cantidade de 43.960,00 euros á que ascenden as modificacións das retribucións dos membros da Corporación.

SEXTO. Publicar de forma íntegra no *Boletín Oficial da Provincia* e no Taboleiro de Anuncios do Concello o Acordo do Pleno, aos efectos do seu xeral coñecemento. Así mesmo, publicar a resolución na sede electrónica deste Concello [<http://outes.sedelectronica.gal>]

SÉTIMO. Notificar devandito Acordo aos interesados e ao Servizo de persoal e Intervención para o seu coñecemento e efectos.

Aberta a quenda de intervencións, o Sr. Alcalde expón que, tras un ano de goberno de coalición, o funcionamento do goberno foi consolidándose, polo que considera oportuno introducir certos cambios na organización interna. A proposta contempla que o cargo da Alcaldía pase de ter unha dedicación exclusiva a unha dedicación parcial, co obxectivo de compatibilizar a súa actividade profesional coa labor como alcalde.

Así mesmo, propón que a concelleira de Obras e Servizos, dona Alba Quintela, pase de ter unha dedicación parcial do 75% a unha dedicación exclusiva, asumindo novas competencias. O Sr. Alcalde asegura que estes cambios non afectarán o funcionamento do goberno nin a atención aos veciños e destaca que, ademais, producirán un aforro para as arcas municipais de aproximadamente 40.000 euros anuais.

Concédese o uso da palabra á Voceira suplente do Grupo Municipal do PP, D^a María Beatriz Molinos Vidal, quen comeza criticando que, durante o pleno ordinario do pasado



27 de xuño, o Sr. Alcalde desestimara as preocupacións do seu grupo sobre os rumores dun posible cambio estrutural no goberno, calificándoos de "rumores intratables". Non obstante, destaca que só seis días antes, o 21 de xuño, o Sr. Alcalde xa iniciara o procedemento para implementar ese cambio, o que, segundo ela, demostra que os rumores tiñan fundamento.

A portavoz do Grupo Popular expresa a súa sorpresa ante a decisión do Sr. Alcalde de reducir a súa dedicación ao 20%, e asegura que, segundo o seu criterio, a perda de contacto directo dun alcalde cos seus veciños pode dificultar o coñecemento da realidade cotiá do concello e, polo tanto, afectar negativamente a gobernanza. Molinos tamén critica a falta de claridade sobre como e cando os veciños poderán contactar co alcalde, considerando que a dispoñibilidade parcial pode complicar a súa accesibilidade. Finalmente, critica a omisión da clarificación das competencias sobre a agrupación de Protección Civil, suxerindo que debería estar claramente definida.

De seguido, intervén o Voceiro do Grupo Municipal do PSOE, D. José Antonio Caamaño Lestón, quen indica que o seu partido non entrará a valorar o grao de dedicación do Sr. Alcalde, pois considera que a retribución é necesaria para calquera persoa que desempeñe un traballo, especialmente un tan crucial como este.

Aínda así, manifesta preocupación por que a redución da dedicación non afecte negativamente a atención que se brinda aos veciños desde a Alcaldía. Sinala que a maioría dos veciños que acoden ao Concello buscan falar co Alcalde e non con outros membros do goberno. O PSOE advirte que, se no futuro se observa un deterioro no servizo que se ofrece aos veciños debido a esta redución de dedicación, non dubidarán en tomar medidas, mesmo apoiando a substitución do alcalde por outra persoa.

Na súa quenda de réplica, o Sr. Alcalde responde que os cambios no goberno se sustancian nun pleno e que, ata ese momento, non se valoran as propostas. Asegura que seguirá sendo visible e accesible para os veciños e que, aínda que a súa dedicación se vexa reducida, a concelleira de Obras e Servizos asumirá un papel máis destacado, demostrando a súa capacidade para atender as demandas dos veciños.

González tamén menciona que ao longo da historia do concello houbo alcaldes sen dedicación exclusiva que compatibilizaron os seus cargos con outras responsabilidades, tanto a nivel local como provincial. Suxire que a única diferenza neste caso é que os exemplos anteriores pertencían ao Partido Popular, e agora que é o goberno actual quen propón cambios, parece que ao PP non lle gusta. Finaliza defendendo a razoabilidade da proposta e insistindo en que o goberno seguirá funcionando de maneira eficaz.



Facendo uso da súa quenda de réplica, D^a María Beatriz Molinos Vidal responde que os rumores foron, en efecto, valorados, e critica novamente que se trate de xustificar a medida comparándoa con situacións anteriores. Resalta que, aínda que o gasto en dedicacións diminúa, tamén o fai a cantidade de horas dedicadas á xestión municipal, e considera que o aforro de 40.000 euros non debería presentarse como un logro, xa que implica unha redución no compromiso de traballo. Insiste en que, tras a reestruturación, o gasto en dedicacións do goberno será de 140.794,22 euros anuais, e que a media de dedicación do goberno actual será do 60%, o que considera insuficiente para as necesidades do concello.

Intervén de seguido o Voceiro do BNG, D. Anxo Núñez Fernández, quen defende a proposta, indicando que o recorte nas dedicacións políticas non afectará a atención aos veciños. Destaca que o grupo de goberno é forte e está consolidado, o que lles permitirá seguir atendendo as demandas da veciñanza. Tamén subliña que a política non se reduce a un horario de oficina, e que o compromiso de atender aos veciños vai máis aló do tempo que se pase no concello. Critica ao PP por non querer falar de xestión, senón de retribucións, e menciona que o legado do goberno anterior foi o dun concello cunha gran perda de poboación e dinamismo, situación que o actual goberno está intentando reverter.

O Sr. Alcalde conclúe destacando que o gasto en dedicacións do actual goberno é considerablemente inferior ao que tiña o goberno do PP en 2011, cando os prezos eran máis baixos e o custo anual superaba os 170.000 euros. Afirma que os números sobre a redución do gasto están claros e recalca que, ao comentar cuestións sobre retribucións, o PP debería lembrar o que gastaban durante o seu mandato.

Finalizado o debate, sométese a aprobación a proposta, resultando aprobada cos votos a favor do Grupo de Goberno e a abstención do Grupo Popular.

E, non habendo mais asuntos que tratar, polo Presidente levántase a sesión sendo as 21:25 horas, de todo o cal, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

